

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 344.- DBRAR		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XOB13106Q	XOB/76/2014	14-01-19 13:52

EXPEDIENTE: **REHABILITACION DO EDIFICIO "CASA DAS MÁQUINAS" . FASE I Actualizado**
(OBRA COFINANCIADA POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)

ASUNTO: **INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE E IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN**

TIPO DE CONTRATO: **OBRAS**

PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN: **ABERTO**

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 establece:

"Artigo 28.Necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación.

1.As entidades do sector público non poderán subscribir outros contratos que aqueles que sexan necesarios para cumprir e realizar os seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación."

1. UNIDADE RESPONSABLE DO SEGUIMENTO E SUPERVISIÓN DA CONTRATACIÓN

- Centro Xestor propoñente: CX-09
- Persoa responsable do seguimento: Antonio Ranedo Santillana

2. OBXECTO DO CONTRATO

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de novembro de 2014 adoptou o acordo de aprobación do Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" na Rúa Galeras (FASE I), redactado polos arquitectos José Ramón Blanco Lobeto e Iván Gutiérrez de Terán Castañón con data 13/10/2014 e un orzamento de execución material de 241.984,68 euros."

Pasado o tempo e debido ao avance do deterioro do edificio foi necesario efectuar por procedemento de emerxencia o arriostramento das fachadas e o apuntalamo de cerchas. Á vista de isto, solicitouse ao equipo redactor a realización dunha separata do proxecto que permitise contratar as obras máis urxentes necesarias para evitar o deterioro da edificación catalogada, consistentes na demolición da cuberta, incluída a estrutura da mesma, a demolición do altílo existente, e o saneamento de xuntas nos muros e a protección en cabeza dos mesmos cunha lamina impermeable.

Así, con data 21/09/2014 preséntase o documento SEPARATA FASE I. Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio Casa das Máquinas na Rúa Galeras, redactado polos arquitectos José Ramón Blanco Lobeto e Iván Gutiérrez de Terán Castañón e un orzamento de execución material é de 39.514,56 €. Estas obras xa foron executadas e recepcionadas con data de 14/07/2017.

Eliminado o risco inminente de ruína, solicitouse ao equipo redactor do proxecto orixinal a actualización do mesmo eliminando as actuacións que xa foron realizadas. Así, con data de 07/03/2017 preséntase o documento "Proxecto básico e de execución de rehabilitación do edificio Casa das Máquinas na Rúa Galeras (FASE I) - actualizado", obxecto da presente licitación, aprobando o mesmo na sesión ordinaria de Xunta de Goberno de 17 de marzo de 2017.

Iniciados os trámites para o inicio da licitación en abril de 2017, dende o equipo de goberno decídese presentar previamente o proxecto para unha posible concesión de subvención por parte da Deputación da Coruña. Durante a tramitación de dita subvención foi necesario incorporar subsanacións ao proxecto e distinta documentación complementaria, culminando o proceso o pasado 11 de xaneiro de 2018, dando conta dende Alcaldía ante a Xunta de Goberno da sinatura do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras da Fase I do Proxecto básico e de execución e rehabilitación da Casa das Máquinas, asinado dixitalmente por BLANCO LOBETO, JOSÉ RAMÓN 09400332W con data de 16/07/2018 e aprobado na Xunta de Goberno do Concello de 29/10/2018.

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 344.- DBRAR		
Documento	Expediente	Fecha
XOB13I06Q	XOB/76/2014	14-01-19 13:52

Polo tanto, o obxecto é a contratación das obras recollidas no "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REHABILITACIÓN DO EDIFICIO CASA DAS MÁQUINAS NA RÚA GALERAS (FASE I) - ACTUALIZADO", aprobado na sesión ordinaria de Xunta de Goberno de 29 de outubro de 2018.

3. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

Establecese un procedemento de licitación ABERTO.

4. DIVISIÓN POR LOTES

- SI:
- NON:

Proponse un contrato único sen lotes. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a súa correcta execución desde o punto de vista técnico. Por outra banda, a división en lotes, ou a execución do servizo plantexado por unha pluralidade de contratistas diferentes do obxecto do contrato, implicaría a necesidade de ter que coordinar a execución das diferentes prestacións con diferentes contratistas, o cal, dada a súa complexidade, implicaría poñer en risco a finalidade do que se pretende contratar.

5. NECESIDADES QUE SE PRETENDEN CUBRIR

A intervención desta primeira fase actualizada, ten a finalidade da rehabilitación do contedor do inmovible, é dicir, os cerramentos, carpinterías exteriores e a cuberta, coa fin de evitar o seu deterioro, permitindo o acondicionamento do espazo interior no futuro, cos usos e actividades que o Concello considere oportunos.

6. CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA/CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA

Dada a especial natureza das obras previstas (intervención en edificios con algún tipo de protección patrimonial, cultural, histórico-artística, etc.), e aos efectos de acreditar a solvencia técnica do empresario, este deberá cumprir un dos seguintes requisitos:

- Que o empresario acredite a seguinte clasificación como contratista de obras: grupo K – subgrupo 7
- Que na relación de obras executadas nos últimos cinco anos, que sexan do mesmo grupo e subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato, o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento da anualidade media do contrato.

7. NOMENCLATURA (CPV)

Será a sinalada no Prego de cláusulas administrativas particulares.

8. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

O valor estimado do contrato é de 208.311,35 € (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.)

9. PARTIDA ORZAMENTARIA

A aplicación orzamentaria da operación é:

050-93300-63200

2016/4/MAQUI/73/1

para su tramitación como anticipado de gasto.

Existencia de cofinanciación:

- SI: 80% DEPUTACIÓN DA CORUÑA - Convenio de Cooperación
- NON:

10. TIPO MÁXIMO DE LICITACIÓN

- Tipo base: 208.311,35 €
- 21% IVE 43.745,38 €
- Total **252.056,73 €**

<i>Dependencia</i> XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 344.- DBRAR		
<i>Documento</i> XOB13I06Q	<i>Expediente</i> XOB/76/2014	<i>Fecha</i> 14-01-19 13:52

11. PRAZOS DE EXECUCIÓN MÁXIMOS

O contrato terá un prazo global máximo de execución de seis (6) meses, a contar dende o día seguinte á sinatura da correspondente acta de comprobación do replanteo.

12. ABOAMENTOS Á EMPRESA CONTRATISTA

Aboamento mensual, a partir das certificacións correspondentes.

Santiago, 14 de enero de 2019

O xefe do Servizo de Programación e
Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana



Concelleiro Delgado de de Medio Rural,
Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal



